

Texto: **TOÑO NÚÑEZ**

Ilustracións: **ADRIÀ FRUITÓS**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas en color.

Dispoñible en:

- Galego: "Mago Goma". Demademora  
ISBN 978-84-8464-640-2
- Castelán: "Mago Goma". Libros para Soñar  
ISBN 978-84-92608-12-6
- Portugués: "Mago Goma". Livros para Sonhar  
ISBN 978-989-8205-29-2

Prezo: 13 €

## MAGO GOMA

**Este é o Mago Goma,  
un mago moi singular;  
un mago que garda soños  
nunha caixa de cristal.**



**Ten o nariz de cenoria,  
dúas orellas fedellas,  
unha boca tipo foca  
e dous bigotes por cellas.**

"Mago Goma" é un conto rimado que describe, por dentro e por fóra, a este divertido personaxe, entrañable e excéntrico á vez. Un mago que, malia que pareza algo tolo, en realidade está de volta do mundo. O único que lle preocupa é facer felices aos nenos e nenas, porque só así é feliz el. E porque, coa súa maxia, Mago Goma pode facer realidade os soños dos lectores e transportalos a un mundo onírico, onde todo é posible.

Toño Núñez presenta este conxunto de estrofas de catro versos octosílabos e rima asonante. Coplas de humor para primeiros lectores sobre un mago moi especial, cuxo nome é un palíndromo, que tanto se le do dereito como do revés.

Ao plasmar visualmente este poema, Adrià Fruitós crea insólitas imaxes e sorprendentes mesturas de cores. Combinando debuxos e elementos figurativos, resulta unha composición dixital de gran calidade técnica, con suaves texturas, moita carga simbólica e un traballado dinamismo en cada páxina.

**TOÑO NÚÑEZ** (Navia de Suarna, Lugo, 1959)

Estudou Maxisterio e foi mestre de Educación Infantil durante máis de dúas décadas. Actualmente traballa no Instituto de Educación Secundaria de Paldas de Rei (Lugo), onde imparte clases de lingua e literatura galega. Polo seu traballo literario recibiu, entre outros galardóns, o segundo premio Ánxel Fole de narrativa, convocado polo Concello de Lugo. Tamén é autor de libros infantís, entre os que destaca "Amores de gato e rato", editado por KALANDRAKA. Elabora artigos de opinión, poemas, relatos e traballos didácticos que se

publican habitualmente en xornais, libros colectivos e revistas especializadas.

**ADRIÀ FRUITÓS** (Barcelona, 1984)

Estudou na Escola Massana de Arte e Deseño, en Barcelona, onde se especializou en ilustración. Ampliou a súa formación na Escola de Arte ESAD de Estrasburgo (Francia). Ao longo da súa traxectoria profesional colaborou con varias institucións, axencias de publicidade, revistas e editoriais de España, Francia, Portugal, Reino Unido, Brasil e Estados Unidos. A súa obra expúxose dende 2004 en salas e eventos de diversos países. Ilustrou, entre outros, o libro-disco de ópera "O elixir do amor", editado por KALANDRAKA, tamén en portugués.

<http://www.adfruitos.com/>

- **Temática:** conto rimado sobre un mago especial
- **Idade recomendada:** primeiros lectores
- **Aspectos destacables:** poesía, tipos de estrofas e palíndromos; humor e 'nonsense'; descrições e metáforas; maxia e ilusionismo; soños, imaxinación e mundo onírico

